

## Amar ata esmorecer (TRABALLO 110)

Asomada á fiestra espera a chegada de Daniel. Dende moi nena sente unha intensa atracción por el. Non lle pon un pero. Todo en el lle gusta. É a súa persoa favorita. Quereo a rabiarse. Mais os sentimentos non son mutuos.

Soa o timbre. Olegaria baixa os chanzos de madeira de tres en tres. Non é unha escaleira moi longa pero non quere perder tempo. Desexa que trala porta verde apareza o home que anhela. Xa perdeu a conta das cartas que lle escribiu. Non se lle dan mal as letras. Vénlle de familia. Os Dieste son un pozo de talento. A última carta sabea de memoria. Antes de mandarlle, releeeuna un milleiro de veces.

Benquerido Daniel!

Hoxe volvo sentar aquí, no meu escritorio, para deixar que as palabras que ferven no meu corazón, alimenten este anaco de papel e consigan avivar o amor entre ti e eu. Non concibo cada segundo de vida sen ti. Eres o meu alento. O meu todo. Sería fermoso poder emprender un camiño xuntos.

Levo días sen apenas probar bocado. Só miro tras a xanela procurándote. Noite e día deixo na rúa a mirada, perdida e húmida, buscando a túa esvelta figura e devecendo porque ese ollar melindrososo se pouse nas meniñas dos meus ollos.

A miña nai contoume que te ías casar con Virxinia. Xa todo o pobo o sabe. Eu négome a crelo. Non podes facerme isto. Eu ámote. E penso que, ti tamén a min. Pero freate a amizade co meu irmán Eduardo. Aínda que, si construíramos unha vida en común, el estaría moi feliz por ambos.

Xa non son Olegariña! Son unha muller namorada, en pé de loita, ata que todo en min esmoreza.

Sempre túa

Olegaria Dieste.

Move a martabela con ritmo nervioso. Fronte a ela, dona Joaquina Castelao, porta un pequeno sobre na man esquerda. A realidade axítalle o sangue. Non vai ceder nin lamentar unha derrota.